

# Plan CAMGAL

## RECOMENDACIÓNS PARA A RECOLLIDA DE PELLETS PLÁSTICOS NA COSTA PARA ENTIDADES E PERSOAS VOLUNTARIAS

### MARCO SOBRE O VOLUNTARIADO

A acción voluntaria debe enmarcarse sempre dentro dos parámetros establecidos na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia. E, neste sentido, enténdese por acción voluntaria a realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria.

De xeito habitual, as actuacións de voluntariado levadas a cabo por entidades de acción voluntaria contemplan unha formación antes do inicio da actuación. Non é recomendable participar na recollida sen a formación previa necesaria.

### ANTES DE COMEZAR

Lembra que a franxa costeira é un ecosistema vivo e complexo, no que se desenvolven e conviven multitude de organismos, polo que as entidades de acción voluntaria deberán CONTACTAR COS CONCELLOS con tramos de costa afectada, co fin de informarse sobre:

- As zonas nas que se poden limpar
- Como se debe limpar
- Onde se debe depositar o material recollido.


Planifica a túa actividade consultando no visor do Plan Camgal ([www.plancamgal.gal](http://www.plancamgal.gal)) se se trata de zonas protexidas.

No caso de estar situado nunha zona protexida deberán solicitar a autorización ao servizo de Patrimonio Natural de cada provincia.

Os integrantes dos grupos deberán protexer as mans con luvas, preferiblemente de nitrilo, para evitar posibles cortes ou lesións con outros materiais mesturados cos pellets plásticos, aínda que non se consideran residuos perigosos (non tóxicos). Tamén deberán levar roupa e calzado axeitado para as condicións meteorolóxicas da zona.

Non se deben utilizar medios mecánicos porque poden afectar á biodiversidade da zona.

O material recollido deberá depositarse en bolsas plásticas das que se empregan na recollida de lixo.




# Plan CAMGAL

## DURANTE A RECOLLIDA DO MATERIAL PLÁSTICO

- Non acudir aos lugares de limpeza con animais de compañía.
- Acceder ás praias e zonas costeiras polos accesos habituais e sendo coidadoso coa flora e fauna do lugar.
- Respetar as zonas de especial valor medioambiental como dunas, marismas e lagoas costeiras, pola presenza de especies e hábitats con maior sensibilidade, así como as zonas de descanso, repouso ou de nidificación de aves.
- Evitar a ocupación e o tránsito de vehículos e de persoas polas zonas dunares e o pisoteo de vexetación dunar.

### ACTUACIÓN:

1. Retirar os sacos de pellets que se atopen na costa. Metelos dentro de sacos plásticos para evitar que solten pellets plásticos por se teñen algunha rotura.
2. Non realizar limpeza nas zonas rochosas para evitar accidentes.
3. No resto do areal, onde os pellets están dispersos (menos de 150 pellets por m<sup>2</sup>), non recollelos con pas nin con outros instrumentos que alteren o substrato, xa que o dano ao ecosistema pode superar ao beneficio da retiradas das partículas plásticas.
4. Non pisar nin escarvar nas superficies con pellets depositados para evitar o seu enterramento.
5. Non extraer da praia elementos naturais como: algas, cunchas, area, etc.
6. Non mesturar nas bolsas de lixo pellets de material plástico con outros plásticos presentes na praia para facilitar o posterior traballo de xestión dos residuos recollidos.
7. Unha vez rematada a actuación, pechar as bolsas cun nó para evitar que os pellets se derramen durante o transporte.
8. Non depositar os pellets recollidos nos contedores de lixo municipais. Utilizar os contedores habilitados polo Concello ou depositar as bolsas nos lugares de acopio designados polo Concello.
9. Se se recollen outros materiais no areal, procurar a separación por tipo de material e depositalos nos contedores de recollida selectiva municipal.
10. Asegurarse de non deixar ningún material de traballo cando remate a actuación.



# Plan CAMGAL

11. No caso de atoparse un animal enfermo ou ferido deberá seguir os procedementos establecidos pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que pode consultar na web: [https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT\\_Conservacion?content=Direccion\\_Xeral\\_Conservacion\\_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&std=Centros\\_de\\_recuperacion\\_de\\_fauna\\_silvestre.html](https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&std=Centros_de_recuperacion_de_fauna_silvestre.html)

## **COMO REPORTAR OS TRABALLOS UNHA VEZ REMATADA A XORNADA**

- Aportar ao Concello información sobre lugar de actuación, hora de inicio e fin, así como cantidade aproximada recollida.
- Informar se, unha vez realizada a visita ao areal, constatase que NON hai presenza de pellets plásticos ou se queda material por retirar.